



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEDEIRA

Convocatoria e bases específicas para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos como monitores de actividades deportivas

ANUNCIO

Convocatoria e bases específicas para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos como monitores de actividades deportivas.

Por resolución da Alcaldía núm. 302, de data 9 de outubro de 2014, acordouse aprobar a convocatoria e as bases específicas para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos como monitores de actividades deportivas.

BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO MONITORES DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

1.–OBJECTO DA CONVOCATORIA.–O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos nos postos de traballo de monitores de actividades deportivas do Concello.

Entre outras que se poidan implantar, as actividades deportivas a realizar durante o curso escolar: natación para bebés, natación para embarazadas, aquagym, aquaerobic, saúde na auga, pilates, aerobio, patinaxe, ximnasia rítmica, ximnasia de mantemento, baile moderno.

3.–DURACIÓN DOS CONTRATOS.–Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do concello ou de conformidade coa regulación das subvencións que o poidan financiar.

4.–SISTEMA DE PROVISIÓN.–Concurso-oposición.

5.–XORNADA LABORAL.–37,5 horas semanais de luns a domingo cos descansos establecidos por lei de ser o contrato a xornada completa, ou a parte proporcional que se estableza en cada caso.

6.–RETRIBUCIÓNS.–As correspondentes segundo convenio “.....monitor sen titulación, outro persoal subalterno...”.

7.–REQUISITOS DOS ASPIRANTES.–Os aspirantes para participar nas probas, deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser de nacionalidade española, nacional dun Estado membro da Unión Europea, cónxugue dun español ou dun nacional dun Estado membro da Unión Europea non separado de dereito, ou extranxeiro con residencial legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade.

c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou graduado escolar ou certificado de escolaridade.

d) Estar en posesión de carné de conducir

e) Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas.

A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

f) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo á Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea ou dos daqueles que teñan subscritos Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan no seu Estado o acceso á función pública.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, para cada unha das prazas, deberán reunirse con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

Tódolos requisitos anteriores deberán terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data de formalización do contrato.

8.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.—A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira ou na forma determinada polo artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común durante o prazo de 5 días naturais, contados desde o seguinte da publicación de anuncio da convocatoria no BOP e no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello de Cedeira.

As solicitudes presentaranse en modelo de instancia que se adxunta e irán acompañadas de:

1. Fotocopia compulsada do D.N.I.
2. Fotocopia compulsada do carné de conducir.
3. Xustificante de pago da taxa de 10 €, según o disposto na Ordenanza municipal 2.6, reguladora da taxa pola participación en procesos selectivos, no artigo 5.1.
4. Fotocopia compulsada da titulación esixida.
5. Fotocopia compulsada da acreditación dos méritos alegados.
6. Declaración xurada, modelo do anexo III.

9.-COMISIÓN SELECCIONADORA.—A comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario e tres vocais nomeados por Resolución de Alcaldía de conformidade con artigo 60 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público.

10.-CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A) FASE DE OPOSICIÓN (25 puntos).

1.ª parte.—Consistirá na realización dun examen por escrito dun máximo de 10 preguntas a determinar por parte da Comisión Seleccionadora relacionadas co traballo a realizar e a aptitude do traballador, que pode a petición da comisión seleccionadora ter que ser leído por parte dos candidatos.

A puntuación máxima da fase oposición será de 20 puntos. Para superar o exame será necesario obter un mínimo de 10 puntos no exercicio. Os que non o obteñan non serán incluídos na bolsa de traballo.

2.ª parte.—Consistirá na realización dunha sesión de 15 minutos a modo de exercicio práctico, relacionado coas funcións a desenvolver na que se terá en conta a estrutura i execución, a metodoloxía e a actitude docente. O aspirante deberá levar un pendrive con música relacionada coa sesión a desenvolver.

A puntuación máxima será de 5 puntos. Os que non obteñan un mínimo de 2,5 puntos non serán incluídos na bolsa de traballo.

A) FASE DE CONCURSO (11 puntos).

a) Experiencia profesional en postos de traballo en calquera administración pública de monitor de actividades deportivas en algunha das seguintes actividades: natación para bebés, natación para embarazadas, aquagym, aquaerobic, saúde na auga, pilates, aerobio, patinaxe, ximnasia rítmica, ximnasia de mantemento, baile moderno: 0,05 puntos por mes completo, cun máximo por este concepto de 3 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos no sector privado realizados de monitor de actividades deportivas en algunha das seguintes actividades, natación para bebés, natación para embarazadas, aquagym, aquaerobic, saúde na auga, pilates, aerobio, patinaxe, ximnasia rítmica, ximnasia de mantemento, baile moderno: 0,03 puntos por mes completo, cun máximo por este concepto de 1,5 puntos.

Cando o contrato sexa superior a media xornada contabilizarase como si fose xornada completa. Cando o contrato sexa entre 10 horas semanais e media xornada contabilizarase como se fose de media xornada. Si o contrato fose inferior a 10 horas semanais non se valorará.

c) Valoraranse as seguintes titulacións académicas ou deportivas: máximo de 3 puntos.

- Grao en ciencias da actividade física e do deporte (antigua licenciatura): 3 puntos.
- Grao en mestre, especialidade educación física (antiguo maxisterio): 2,5 puntos.
- Técnico Superior en Animación en Actividades Físicas y Deportivas: 2,5 puntos.
- Técnico de conducción de actividades no medio natural: 2 puntos.

En caso de presentar varias titulacións valorarase soamente a de maior puntuación.

d) Cursos de especialización como monitor de algunha das seguintes actividades específicas impartidos por federacións deportivas ou outros organismos oficiais nos seguintes deportes: natación para bebés, natación para embarazadas, aquagym, aquaerobic, saúde na auga, socorrista en instalacións acuáticas, pilates, aerobio, patinaxe, ximnasia rítmica, ximnasia de mantemento, baile moderno: 0,03 puntos por hora ata un máximo de 3 puntos.

e) Coñecemento da lingua galega: Puntuación máxima 0,5 puntos.

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 2: 0,30 puntos.

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 3: 0,40 puntos.

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou superior: 0,50 puntos.

Os méritos alegados acreditaránse mediante documentos orixinais ou copias auténticas. Debe aportarse copias auténticas dos contratos de traballos que inclúan a descrición do traballo realizado.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida na fase de oposición.
2. Puntuación obtida no apartado a) da fase de concurso.
3. Puntuación obtida no apartado b) da fase de concurso.
4. Puntuación obtida no apartado c) da fase de concurso.
5. Puntuación obtida no apartado d) da fase de concurso.

11.-FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO.

Cos aspirantes aprobados formarase unha bolsa de traballo segundo a orde de puntuación obtida para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais en postos de traballo de contido equivalente de acordo coas seguintes normas:

11.1.-Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefónicamente. Neste suposto, a/o funcionaria/o que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Antes da sinatura do contrato o Concello poderá acordar que o traballador se someta a un recoñecemento médico-psicológico que evalúe a súa adecuación ao posto a desempeñar. No caso de que o traballador resulte non apto non perderá o seu lugar na bolsa de traballo e volverá a ser chamado cando se oferte un posto de distintas características do que foi considerado non apto.

11.2.-Suspensión dos chamamentos.

1. De oficio.

A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

2. Por solicitude do/a interesado/a.

Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.

11.3.–Mellora.

No caso de que algún integrante da bolsa de traballo estivera contratado ou nomeado como funcionario e fora a realizarse un novo chamamento que obxectivamente poda considerarse como de mais longa duración ou de maior xornada poderá solicitar ser contratado ou nomeado con preferencia aos seguintes na lista. O órgano competente o acordará sempre que non supoña menoscabo para o servizo.

11.4.–Situación na bolsa de traballo.

1. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto na base undécima, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

11.5.–Nomeamentos e cesamentos.

Poderán conferirse nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo que encóntrense vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións do seu titular.

Previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da Bolsa de Traballo, o Sr. Alcalde por Resolución procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cese producirase por Resolución da Alcaldía cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo ou cando se produzan algún dos supostos previsto no artigo 10.3 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

11.6.–Extinción da bolsa de traballo.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase unha vez transcorridos dous anos a contar desde a data da súa aprobación, ou cando se produza un novo proceso selectivo, temporal ou definitivo. Sin prexuízo de que poda prorrogarse mentres se realiza unha nova selección.

12.–PUBLICIDADE.–A publicidade de tódolos actos relativos a este procedemento farase mediante anuncios que se expoñerán no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e sede electrónica.

13.–RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.–En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación as Bases Xerais para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Cedeira, aprobadas na sesión plenaria do día 17 de abril de 1997, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 110, de 15 de maio de 1997, o Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais normas de aplicación.

Cedeira a 9 de outubro de 2014.

O alcalde

D. Luis RubidoRamonde

ANEXO I**TEMARIO:**

1. Xeneralidades da educación física.
2. Primeiros auxilios. Lesións deportivas.
3. Xeneralidades de cada unha das actividades deportivas establecidas na base 1.^a.
4. Funcións dun monitor deportivo.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

D./dona _____, con DNI n.º _____, con enderezo _____
 _____, C.P. _____, localidade _____
 _____, teléfono _____

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos como monitores de actividades deportivas.

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria sinalada.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación cotexada:

– Fotocopia D.N.I.e fotocopia do carné de conducir

– Fotocopia da titulación esixida

– Declaración xurada, modelo do anexo III

– Documentación acreditativa dos méritos alegados: _____

AUTOLIQUIDACIÓN		
	Concello de Cedeira	CIF P-1502200-G
Taxa de probas selectivas (Ordenanza n.º 2.6)		Código: 329.01
Exercicio/ período:		
CÁLCULO DA COTA A INGRESAR (€)		
Denominación do proceso: contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos como monitores de actividades deportivas		Importe €
Probas de acceso ao Grupo E ou categorías de persoal laboral asimilables ou outros non tarefados expresamente		10,00 €
Lugar de ingreso: BBVA ES70 0182 0622 4100 0000 0055 La Caixa ES37 2100 4936 5822 0000 4470 NCG Banco ES15 2080 5196 2931 1000 0027 Banco Pastor ES57 0238 8151 9006 6000 0271 O abono acredítase mediante selo e sinatura ou validación mecánica	TOTAL A INGRESAR:	10,00 €

Polo exposto, SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido

Cedeira, ____ de _____ de 2014.

Asinado: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA

ANEXO III

D./dona _____, con DNI n.º _____,
con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Cedeira, a ____ de _____ de 2014.

Asdo.: _____

2014/10849